

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO, O 19 DE XULLO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA,
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: paso inferior no p.q. 14 + 550 da PO-841 no concello da Estrada (clave: PO/12/024.06).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Proxectos de Obra Civil.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Instalación e Amoblamento.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Estética Integral e Benestar.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Protocolo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a colaboración na realización de probas selectivas nos corpos da Policía Local de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ponte Caldelas para a execución da obra de saneamento e EDAR na Reigosa. Ponte Caldelas (Pontevedra), clave OH.336.990, por importe de setecentos oitenta e un mil cento cincuenta e cinco euros con catorce céntimos (781.155,14 €).

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Pantón para a execución da obra de saneamento en Santa María de Toiriz. Pantón (Lugo), clave OH.327.601, por importe de catrocentos cincuenta e oito mil catrocentos cincuenta e nove euros con sesenta e un céntimos (458.459,61€).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Porqueira para a execución da obra de abastecemento a varios núcleos de Porqueira. Porqueira (Ourense), clave OH.232.509, por importe de trescentos corenta e nove mil novecentos cincuenta euros (349.950,00 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Verín para a adecuación de liñas eléctricas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, por importe de tres millóns catrocentos quince mil euros (3.415.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual, por importe de douscentos catro mil euros (204.000,00 €), derivados da orde pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para dotar de auxiliares de conversa a centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de dous millóns trinta e dous mil trescentos cincuenta e dous euros (2.032.352,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consorcio de Bibliotecas de Galicia (Bugalicia), por un importe total dun millón cincocentos trinta e dous mil cento trece euros (1.532.113,00 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e para adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. Importe total: dez millóns cincocentos mil euros (10.500.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión para o reforzo do servizo de brigadas de extinción, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña do verán do ano 2012 á empresa TRAGSA, por un importe total de dez millóns douscentos trinta e catro mil cento noventa e cinco euros con noventa e dous céntimos (10.234.195,92 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o Anteproxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


- Informe sobre a oferta de ciclos de FP.

A XUNTA INICIA O PROCESO DE EXPROPIACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DO PASO INFERIOR PEONIL NO NÚCLEO DO SOUTO DE VEA, NO CONCELLO DA ESTRADA, QUE AUMENTARÁ A SEGURIDADE DOS VECIÑOS

- ***Por mor da intensidade de tránsito dos vehículos que circulan en sentido Santiago- A Estrada é necesario a construción deste paso que permita o tránsito de peóns cara ao centro de saúde***
- ***A Xunta destina máis de 164.000 euros para esta actuación que se iniciará este mesmo ano***

A Xunta de Galicia inicia o proceso de expropiación para a construción dun paso inferior peonil no núcleo do Souto de Vea, no concello da Estrada, concretamente no punto quilométrico 14 + 550 da estrada Santiago- límite da provincia (PO-841), unha actuación que incrementará a seguridade e mellorará a mobilidade dos veciños. O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o decreto polo que se declara a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas procede a esta ocupación para poder executar un paso peonil, xa que, debido ao tránsito dos vehículos que circulan en sentido Santiago-A Estrada, se fai necesaria a construción deste paso que permita o tránsito de peóns desde o dito núcleo de poboación (na marxe dereita da estrada) ata o centro de saúde (situado na marxe esquerda) sen necesidade de cruzar a estrada PO-841.



Esta actuación garantirá e aumentará a seguridade e a comodidade de acceso aos máis de 20.000 habitantes do concello da Estrada, pero sobre todo do núcleo de poboación de Souto de Vea.

A Xunta reserva unha partida de 164.000 euros para a construción desta infraestrutura, cuxa previsión de inicio se fixa no cuarto trimestre deste mesmo ano, co fin de rematala no primeiro trimestre do vindeiro ano.

En relación coas características técnicas, a lonxitude deste paso é de máis de 100 metros cun largo de tres metros. Será necesario escavar máis de 2.500 m³ e dispoñer de 12,7 quilos de aceiro, así como o estendido de case 180 toneladas de mestura bituminosa.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DÁ RESPONSA CON TRES NOVOS CURRÍCULOS DE FP ÁS NECESIDADES DO SECTOR DO MOBLE, A OBRA CIVIL E A ESTÉTICA DE NOVA XERACIÓN

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe tres currículos que teñen como obxectivo dar resposta ás necesidades crecentes de profesionais cualificados nestes sectores produtivos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará novos currículos de ciclos de grao medio e superior de Formación Profesional para dar resposta ás necesidades actuais dos sectores do moble, a obra civil e a estética e a cosmética de nova xeración. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que deu o visto e prace aos novos currículos de técnico en instalación e amoblamento, e de técnico superior en estética integral e benestar, en proxectos de obra civil.

Deste xeito, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad continúa a implementar a estratexia de posta en valor da formación profesional que vén desenvolvendo desde o inicio de lexislatura. Ao abeiro deste proceso, xa adaptou 54 currículos ás exixencias da Lei das cualificacións profesionais e á Lei orgánica de educación.

Atención ao ambiente

Respecto do currículo correspondente ao título de técnico en instalación e amoblamento, dá resposta ás necesidades do sector derivadas da constante incorporación de novos materiais e tecnoloxías nos procesos de instalación, a renovación en función dos hábitos sociais e das modas, e das exixencias normativas en relación coa calidade e co ambiente, que implican a adaptación aos novos sistemas de montaxe e instalación.

Os titulados neste ciclo poderán desenvolver o seu labor profesional en empresas dedicadas á montaxe e á instalación de carpintería e amoblamento, e á aplicación de produtos de acabado para o retoque, exercendo como carpinteiros, ebanistas, montadores e instaladores de mobles. Así mesmo, as competencias aprendidas cualificaranos para ser fabricantes de estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción.

Tamén en atención á crecente preocupación polo respecto ao ambiente, as competencias adquiridas ao longo do ciclo de técnico superior en proxectos de obra civil capacitarán aos titulados para daren cumprimento ás directivas comunitarias que afectan o sector, e que propician a evolución da construción cara a un modelo de desenvolvemento sustentable que evite a degradación do ambiente, o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética en infraestruturas e servizos. Así mesmo, estarán cualificados para facer uso das novas tecnoloxías e programas informáticos integrados para o deseño, cálculo, planificación e control de custos. Por outra parte,

estes futuros profesionais recibirán unha formación específica para atender cuestións de capital importancia en materia de seguridade e saúde laboral, co obxecto de que poidan contribuír á redución da sinistralidade laboral cunha formación permanentemente adaptada aos cambios producidos pola innovación e a tecnificación do sector.

As persoas que obteñan este título estarán preparados para traballar en estudos de delineación, de arquitectura e de enxeñaría, promotoras, empresas de servizos técnicos e consultorías, empresas construtoras, concesionarias e de explotación, e empresas doutros sectores cuxas actividades presenten unha marcada incidencia territorial con actividades de explotación de recursos naturais e administracións públicas. Neste marco, poderán ocupar postos como delineantes de topografía, estadas, urbanización, obra civil ou servizos urbanos; como especialistas en levantamentos de terreos, de construción e en implantación; como maquetista, ou como técnicos de control documental, ademais doutros con funcións similares.

Estética e saúde

Respecto do currículo correspondente ao título de técnico superior en Estética Integral e Benestar, os estudos cursados ao abeiro deste currículo cualificarán os titulados para exercer traballos en empresas estéticas e áreas de imaxe persoal, de spa e balnearios, así como en centros de medicina e cirurxía estética; como esteticistas ou técnico en técnicas hidroestéticas, micropigmentación, depilación mecánica e avanzada, drenaxe linfática ou bronceamento mediante radiación ultravioleta, entre outros labores. Ademais, quen acade este título poderá traballar neste eido como técnico comercial, asesor estético-cosmético ou formador en estética.

Cómpre sinalar a crecente demanda de profesionais especializados en técnicas que conxuguen os coidados da imaxe persoal cos hábitos saudables e con técnicas manuais estéticas, como a drenaxe estética, técnicas orientais ou reflexoloxía, e técnicas sensoriais como a cromoterapia, a aromaterapia, ou a musicoterapia, entre outras. Os tratamentos cuxo recurso principal é a auga son outros dos procesos que potencian o benestar e converten os centros de spa e balnearios nun sector con gran demanda na actualidade. Por outra banda, o novo currículo prepara os estudantes para traballaren coas últimas tecnoloxías do sector, relacionadas na súa maior parte coa radiofrecuencia, o bronceamento con radiación ultravioleta, o láser, e principios activos cosméticos de nova xeración.

A XUNTA E A FEGAMP COLABORARÁN NA SELECCIÓN DOS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA

- ***O obxectivo é favorecer a calidade dos procesos selectivos, asegurar a cobertura de prazas e acadar unha policía local cada vez máis especializada***

O Consello da Xunta deu luz verde a un protocolo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a colaboración na realización das probas selectivas dos corpos de Policía Local de Galicia.

Con este protocolo o que se pretende é favorecer a calidade dos procesos selectivos, asegurar a cobertura das prazas solicitadas, e en definitiva, acadar unha policía local cada vez máis profesional e competitiva que garde os dereitos dos cidadáns o máis profesionalmente posible.

Neste sentido, a Xunta colaborará activamente cos concellos galegos que voluntariamente o desexen -especialmente aqueles que contan con limitados medios humanos e técnicos- para a realización dos procesos selectivos de ingreso dos novos membros, así como para o ascenso ou a promoción dentro dos corpos.

Con este obxectivo, ambas as institucións promoverán a sinatura de convenios cos concellos interesados mediante o sistema da encomenda da xestión, sen que en ningún caso os concellos se vexan obrigados a ceder competencias á Xunta de Galicia.

Segundo recolle o texto, a Consellería de Presidencia comprométese ao necesario desenvolvemento regulamentario no prazo máximo de seis meses contados desde a sinatura deste protocolo. Pola súa banda, a Fegamp comprométese á difusión do protocolo entre todos os concellos con corpo de policía local.

En definitiva, trátase dun paso máis dentro da aposta da Xunta pola colaboración entre administracións e a suma de esforzos para ser máis eficientes e garantir o mantemento da calidade na prestación de servizos públicos aos galegos.

MEDIO AMBIENTE CONSTRUIRÁ COLECTORES E UNHA DEPURADORA NA REIGOSA, EN PONTE CALDELAS, CO FIN DE MELLORAR O SERVIZO DE SANEAMENTO

- ***Augas de Galicia realizará unha achega económica de máis de 801.000 euros, contando co cofinanciamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que achegará o 50% do importe***
- ***A rede de colectores terá unha lonxitude total de 5.800 metros***
- ***Eliminaranse as fosas sépticas que son importantes focos contaminantes, polo que se optimizará considerablemente a calidade ambiental da zona***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente co Concello de Ponte Caldelas para a execución das obras da estación depuradora de augas residuais na Reigosa. Augas de Galicia realizará unha achega económica de máis de 801.000 euros, contando co cofinanciamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que achegará o 50% do importe.

A parroquia da Reigosa, no concello de Ponte Caldelas, non dispón dun servizo de saneamento adecuado e recolle as augas residuais en fosas sépticas individuais. O obxecto deste proxecto é definir e valorar os traballos que cómpre executar para dotar a parroquia dun sistema de saneamento mediante a construción da rede xeral de colectores por gravidade e unha estación depuradora de augas residuais (EDAR).

As obras consisten na execución dunha rede de colectores que terá unha lonxitude total de 5.800 metros e recollerá as augas residuais fecais por gravidade. A rede constará, ademais, dos correspondentes pozos de rexistro ata un total de 171.

O proxecto tamén recolle a instalación dunha depuradora que se dimensiona para unha poboación de 314 habitantes. Disporá dos seguintes equipamentos prefabricados: arqueta de chegada de auga con reixa de desbastamento, decantador- dixestor primario, pozo de bombeo, leito bacteriano, humedais en paralelo e arqueta de inspección.

Estas infraestruturas mellorarán a calidade de vida dos veciños do núcleo da Reigosa dotándoos dun servizo de saneamento adecuado. Eliminaranse as fosas sépticas que son importantes focos contaminantes, polo que se optimizará considerablemente a calidade ambiental da zona.

A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE CASE 500.000 EUROS PARA DOTAR DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN O NÚCLEO DE TOIRIZ, NO CONCELLO LUCENSE DE PANTÓN

- *Mellorarase a calidade de vida dos veciños dotándoos dun servizo de saneamento adecuado, xa que na actualidade empregan fosas sépticas para recoller as augas residuais*
- *As obras, cun prazo de execución de catro meses, consisten na posta en marcha dunha rede de colectores e unha EDAR*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia para a execución das obras de saneamento en Santa María de Toiriz, en Pantón (Lugo) por un importe de 460.000 euros, que serán financiados ao 50% pola Xunta e polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

En virtude desta actuación mellorarase a calidade de vida dos veciños do núcleo de Touriz, dotándoos dun servizo de saneamento adecuado, xa que na actualidade empregan fosas sépticas para recoller as augas residuais. Este proxecto mellorará considerablemente a calidade ambiental da zona ao eliminar as fosas sépticas, que supoñen importantes focos contaminantes.

A presente actuación, co cargo aos orzamentos de Augas de Galicia, inclúese dentro do convenio específico entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zonas rurais. As obras obxecto da proposta corresponden á construción de infraestruturas en concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiar estas.

Este proxecto define e valora as actuacións para construír unha rede separativa de saneamento que xuntará a totalidade das augas do núcleo e as conducirá por gravidade ata a parcela onde se executará unha estación depuradora de augas residuais, na cal finalizará a rede de saneamento. Deste xeito, as obras, cun prazo de execución de catro meses, consisten na execución dunha rede de colectores e unha EDAR:

- **Colectores:** rede composta por tubos de PVC SN-8 por gravidade de diámetro 315 mm nos treitos principais (2.659,08 m) e 250 mm nos secundarios (1.338,04 m)
- **Depuradora:** a rede proxectada verterá a esta nova depuradora con capacidade para 223 habitantes. A liña de depuración componse dun desbaste previo, decantación primaria, tratamento biolóxico e decantación secundaria. A vertedura realizarase ao regato de Murias.

A XUNTA DOTA DE SISTEMA DE ABASTECIMENTO A VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO OURENSÁN DE PORQUEIRA QUE CARECÍAN DESTE SERVIZO

- ***Augas de Galicia achega un investimento de preto de 358.000 euros para a execución destas obras, importe do que o 50% será financiado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente***
- ***A instalación de infraestruturas hidráulicas necesarias para a mellora do sistema de abastecemento está dirixida aos seguintes núcleos: A Lagoa, A Filgueira, O Rial de Sabucedo- O Toxal, Pedrosa, Xocín, Faramiñas, Forxa, San Lourenzo ou Lobios de Sever***

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Porqueira, en Ourense, para executar as obras de abastecemento en varios núcleos deste municipio.

A actuación conta cun investimento de preto de 358.000 euros con cargo aos orzamentos de Augas de Galicia, e dos cales un 50% serán financiados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Na actualidade algún dos núcleos rurais de Porqueira sofren deficiencias na subministración de auga potable sobre todo en época estival debido ao aumento de poboación. Neste sentido, as obras consisten principalmente na renovación de tubaxes que son moi antigas e presentan constantes roturas e perdas de caudal.

O proxecto centrarase na instalación das infraestruturas hidráulicas necesarias en cada un dos seguintes núcleos do concello de Porqueira:

- A Lagoa. A captación non é suficiente, polo que se conectará ao núcleo de Penín Novo co fin de que subministre caudal en caso de deficiencia. A conexión realizase mediante 275 m de tubaxe, con válvulas de bolboreta nas unións aos depósitos.
- A Filgueira. Beneficia tamén os núcleos de Breixoeira e Martices. Renovarase a tubaxe existente e a da traída de Martices.
- O Rial de Sabucedo-O Toxal. Executaranse dous pozos de barrena que abastecerán aos existentes que se atopan adosados. A conexión cos depósitos realízase mediante 60 e 160 m de tubaxe.
- Pedrosa. Renóvase a tubaxe existente con 1.480 metros.
- Xocín. Demolición dos pozos de captación existentes e executaranse novas arquetas-captacións. Renovarase tamén a tubaxe de enlace co depósito mediante 410 m de tubos.
- Faramiñas. Demolerase o pozo de captación, executarase unha arqueta- captación e conectarase co depósito existente.

- Forxa. Executaranse seis novas arquetas- captación conectadas e renovarase parte da rede.
- San Lourenzo. Executarase unha arqueta-captación e renovarase a rede de transporte mediante 990 metros de tubos e as arquetas de reunión onde se conectan as 3 captacións existentes.
- Lobios de Sever. Construirase un novo depósito regulador de 50 m³, con sistema de cloración por gravidade.

A Consellería de Medio Ambiente, mediante este tipo de obras, pretende garantir a subministración de auga en calidade e cantidade á poboación, mellorar a calidade do recurso hídrico e fomentar o seu consumo responsable.

ECONOMÍA E INDUSTRIA INVISTE 3,4 MILLÓNS NUN PLAN PIONEIRO DE MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA DE VERÍN PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE E A CALIDADE DE VIDA DA COMARCA

- ***O Consello da Xunta autoriza á Consellería que dirixe Javier Guerra a sinatura dun convenio que beneficiará máis de 15.000 veciños da zona***
- ***Ao abeiro deste convenio reconfigúranse as infraestruturas eléctricas do concello co obxecto de atender o seu crecemento social e económico***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio co Concello de Verín para o desenvolvemento dun plan pioneiro de ordenación das liñas eléctricas específico para este municipio, que será financiado pola Consellería de Economía e Industria con máis de 3,4 millóns de euros para mellorar e garantir a subministración eléctrica do concello e mais da comarca.

Esta iniciativa, impulsada pola consellería que dirixe Javier Guerra, beneficiará máis de 15.000 veciños e desenvolverase dentro da aposta global da Xunta de Galicia pola potenciación da eficiencia como un dos eixes da política enerxética e económica desta lexislatura.

Ao abeiro deste convenio, o Goberno galego incentivará a creación de infraestruturas de distribución eléctrica que permitan ao concello e á súa área de influencia un crecemento ordenado no cal sexa posible garantir a seguridade e a calidade da subministración. O obxectivo é favorecer unha mellora da competitividade das actividades económicas e produtivas da comarca, xunto coa calidade de vida dos cidadáns.

Reconfigúranse as infraestruturas eléctricas do concello co obxecto de atender o seu crecemento a partir do plan específico elaborado desde a Consellería de Economía e Industria. Esta iniciativa supón un cambio no deseño do tecido das liñas eléctricas, que inclúe o soterramento de varias liñas xunto coa conexión de novos circuitos de alta tensión coas infraestruturas de subministración eléctrica de Verín.

Esta planificación está orientada a atender as necesidades enerxéticas, optimizar o consumo, minimizar o impacto ambiental, incrementar a competitividade empresarial, prever as necesidades futuras e planificar o abastecemento da comarca. Neste sentido, a Xunta continúa a avanzar no labor de favorecer a mellora continua do sector enerxético galego en coordinación coas diferentes estratexias e plans institucionais sectoriais orientados ao desenvolvemento sustentable.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DOTARÁ OS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS GALEGOS DE 411 AUXILIARES DE CONVERSA O VINDEIRO CURSO

- ***No curso 2012/2013 o sistema educativo galego público terá multiplicado por 6,1 o número de auxiliares con que contaba ao inicio da lexislatura***
- ***Ademais, o departamento educativo da Xunta concederá axudas para a contratación de auxiliares en centros concertados***
- ***Deste xeito continúa a despregarse o Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras, que superou xa amplamente as expectativas previstas ata a fin da lexislatura***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dotará o sistema educativo público galego, o vindeiro curso 2012/2013, de 411 auxiliares de conversa, persoas de apoio ao ensino e á aprendizaxe das linguas estranxeiras que exercen o seu labor na rede de colexios e institutos galegos públicos pertencentes á rede de centros plurilingües e de seccións bilingües, e na rede de escolas oficiais de idiomas. Para iso, o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun acordo entre a Consellería e o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, polo que se asignan 350 auxiliares aos devanditos centros, que serán financiados e xestionados polo Goberno autonómico, para o cal se investirán máis de 2 millóns de euros. A eles haberá que sumar 39 auxiliares financiados polo ministerio.

Ademais, a comunidade disporá de 18 sénior – nativos xubilados que desenvolven o seu labor nos centros plurilingües do rural galego-. Así mesmo, está previsto que se volva contar cos 3 profesores visitantes estadounidenses que xa se incorporaron o pasado curso para prestar o seu apoio ao ensino do inglés en centros educativos galegos durante todo o ano académico, ao abeiro dun convenio asinado co ministerio; e co profesor de lingua francesa a tempo completo, froito do convenio de colaboración entre a consellería e a Academie de Amiens. En resumo, o sistema educativo reflicte un 14% de incremento respecto do curso pasado.

Esta actuación permitirá que no 2012/2013 o sistema educativo galego teña multiplicado por 6,1 o número de auxiliares con que contaba ao inicio da lexislatura (67 auxiliares no curso 2008/2009).

Axudas para ensino concertado

Por outra banda, a reunión semanal do Goberno galego deu hoxe tamén luz verde á convocatoria dunha liña de axudas pola que Cultura e Educación destinará 204.000 euros a facilitar a contratación de auxiliares de conversa en centros concertados que realicen funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro, non cubertas polo concerto educativo.

Deste xeito, a consellería continúa a despregar o Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, que no curso 2011/2012, con máis de 40.800 estudantes beneficiados polos centros plurilingües e seccións bilingües, superou xa amplamente as expectativas previstas para toda a lexislatura – que era de 40.000 beneficiados por un ensino plurilingüe ata 2013-.

Linguas de apoio

Dos novos auxiliares que chegarán a Galicia ao abeiro do convenio co ministerio, 321 serán de inglés, 19 de francés, 7 de alemán, 2 de chinés e 1 de portugués. Deles, 31 desenvolverán o seu labor de apoio na rede de escolas oficiais de idiomas e os outros 319 en colexios e institutos pertencentes á rede de centros plurilingües ou de seccións bilingües de Galicia.

A consellería ten previsto incorporar á rede de centros plurilingües 39 centros, para que o vindeiro curso quede conformada por 149 colexios e institutos. Neste sentido, cómpre lembrar que todos estes colexios e institutos públicos desta rede son dotados pola consellería cun auxiliar, e que todas as seccións bilingües contan con este apoio, neste último caso de forma individual ou compartida con outro centro.

Ensino concertado

Respecto da liña de axudas aos centros concertados, poderán optar a elas os que formen parte da rede de centro plurilingües de Galicia, ou que conten con seccións bilingües, e que decidan contratar un auxiliar de conversa para o apoio no ensino das linguas estranxeiras por un período non inferior a sete meses.

As axudas destinaranse á contratación de auxiliares de conversa que realicen funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira nestes centros educativos. Tamén á compra de material específico que sexa necesario para o desenvolvemento das clases de conversa, sempre que a cantidade destinada a este material non supere o 10% da axuda concedida.

Para a concesión das axudas a consellería valorará criterios como o número de horas semanais de apoio e o número de alumnas e alumnos a que beneficia. Segundo a puntuación que obteñan froito da baremación, os centros poderán acadar axudas de ata 6.000 euros.

CULTURA E EDUCACIÓN INCREMENTA NUN 3,5% A ACHEGA AO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA FACILITAR O ACCESO DOS INVESTIGADORES, DOCENTES E ESTUDANTES AOS RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA EN LIÑA

- ***Contribuirá con máis de 1,5 millóns de euros a favorecer o desenvolvemento dos traballos científicos dos investigadores e docentes do Sistema Universitario de Galicia***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará máis de 1,5 millóns de euros - un 3,5% máis que o pasado ano- ao Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) co obxecto de facilitar aos investigadores, docentes e estudantes o acceso aos recursos de información científica en liña. Deste xeito, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad reafirma o seu compromiso coa investigación desenvolvida no Sistema Universitario de Galicia, favorecendo o desenvolvemento de traballos científicos no seu seo.

O obxectivo do convenio, ao que deu hoxe luz verde o Consello da Xunta, é pór á disposición, a través dos servizos e recursos de Bugalicia, dos grupos de investigación, do persoal docente e dos estudantes un abano de recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas e e-books) que resultan básicos para o desenvolvemento do traballo científico e docente. A axuda irá destinada a financiar o custo dos devanditos recursos, así como do soporte ás novas tecnoloxías nos servizos bibliotecarios. Recursos que serán accesibles para persoal docente e investigador do SUG. Búscase favorecer así o acceso á produción científica que se está a xerar, dentro e fóra, poñendo á disposición dos estudantes e dos investigadores unha útil ferramenta tecnolóxica: o acceso a través da rede a un alto número de recursos electrónicos de información científica.

Bugalicia

O Consorcio Bugalicia ten como obxectivo fundamental a mellora continua da calidade dos servizos bibliotecarios do Sistema Universitario Galego a través da cooperación interbibliotecaria. Ademais, supón dar resposta á evolución das bibliotecas tradicionais cara a un contorno en que a proliferación de recursos electrónicos e as problemáticas de distribución e almacenamento da información mudou o concepto de biblioteca e a xestión da información científica.

Cómpre salientar o importante papel que vén desenvolvendo Bugalicia na mellora continua da calidade dos servizos bibliotecarios das universidades galega a través da cooperación interbibliotecaria. Con esta achega, a consellería pon de manifesto o seu compromiso co impulso da calidade do ensino e da investigación universitaria, fundamental para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da nosa comunidade.

A XUNTA INVESTIRÁ 10,5 MILLÓNS DE EUROS NOS OBRADOIROS DE EMPREGO QUE BENEFICIARÁN MÁIS DE 1.300 DESEMPREGADOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de axudas que regula estes programas mixtos, e que inclúe financiamento para este ano e o próximo***
- ***Os obradoiros de emprego combinan formación e un traballo efectivo co fin de mellorar as posibilidades de inserción dos participantes***
- ***Os obradoiros deberán ser desenvolvidos por entidades locais e terán preferencia como beneficiarios aqueles colectivos con especiais dificultades á hora de acceder ao mercado laboral***

O Goberno galego investirá un total de 10,5 millóns, entre 2012 e 2013, na posta en marcha de obradoiros de emprego nos concellos galegos. A previsión é beneficiar máis de 1.300 desempregados e desempregadas.

O Consello da Xunta autorizou hoxe esta orde de axudas, que se inclúe dentro das diversas medidas do Goberno galego destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas galegas. En concreto, estes programas combinan a formación cun traballo efectivo, xa que os beneficiarios disporán dun contrato de traballo e un salario durante a súa participación nesta actividade.

Os beneficiarios serán desempregados con preferencia para aqueles colectivos con especiais dificultades de inserción: mozos e mozas menores de trinta anos; mulleres en xeral e vítimas de violencia de xénero; persoal traballador que esgotou as prestacións e os subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos e menores de 55 anos; persoas que carecen de títulos universitarios ou de FP de grao superior; persoas con discapacidade, ou persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Durante a súa participación, os alumnos realizarán obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, ao tempo que se cualifican profesionalmente. Deste xeito, os obradoiros conta cunha tripla dimensión: melloran a empregabilidade dos participantes; permítese a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas, promove a colaboración institucional entre a Administración autonómica e a local.

A distribución de créditos a nivel provincial terá en conta o número de persoas paradas e a evolución do paro rexistrado no período 2007/2011, así como a progresión da poboación neste período. Tamén se computará, á hora da selección de proxectos, o equilibrio e a solidariedade cos territorios máis desfavorecidos, tendo en conta os criterios recollidos nos plans Impulsa de Lugo e Ourense.

Así mesmo, co obxectivo de actuar naqueles concellos cun maior número de desempregados, priorizaranse as actuacións naqueles municipios ou solicitudes conxuntas que superen os 500 desempregados.

Ademais, este ano e por primeira vez, promoverase unha maior implicación e compromiso dos concellos na consecución da posterior inserción laboral das persoas desempregadas. Así, deberán asumir o compromiso de procurar a inserción laboral posterior de polo menos o 10 por cento das persoas desempregadas participantes.

A XUNTA ENCOMENDA A TRAGSA O REFORZO DO DISPOSITIVO DE LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS CON 275 BRIGADAS

- ***Medio Rural e Mar destina máis de 10 millóns de euros a este reforzo que comprende tanto medios humanos coma materiais***
- ***A empresa pública Tragsa deberá poñer en marcha 189 brigadas de prevención e defensa forestal e 86 de vixilancia móbil***
- ***Cada brigada contará obrigatoriamente con pick-ups debidamente acondicionadas e cos equipamentos de protección e ferramentas que garantan a súa seguridade e o correcto desenvolvemento da súa actividade***

A Consellería do Medio Rural e do Mar encomendou hoxe á empresa pública Tragsa o reforzo do dispositivo de loita contra os incendios forestais coa contratación dun total de 275 brigadas de prevención e vixilancia móbil. O departamento que dirixe Rosa Quintana destina máis de 10,1 millóns de euros a esta parte do dispositivo reflectida no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (Pladiga 2012) aprobado no Consello da Xunta a finais do mes pasado.

Tragsa deberá achegar un total de 189 brigadas de prevención e defensa forestal e outras 86 de vixilancia móbil. Cada un dos integrantes das brigadas deberán cumprir as Recomendacións de selección de persoal na extinción, aprobadas polo Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF), dependente da Comisión Nacional de Protección da Natureza, que establece as distintas normas e probas que deberán superar os aspirantes.

Así mesmo, as brigadas deberán contar con pick-ups provistas dun depósito de auga de, polo menos 400 litros de capacidade amais de bomba de aspiración e outras ferramentas empregadas na extinción de incendios forestais. Paralelamente, cada brigadista debe dispor dos equipamentos de protección persoal e das ferramentas que garantan tanto a súa seguridade coma o correcto desenvolvemento da súa actividade.

A encomenda ten un prazo de execución estimado de tres meses e as datas de comezo e fin poderán sufrir modificacións en función das condicións meteorolóxicas e dos criterios técnicos asociados ao risco de incendio forestal.

As brigadas actuarán conforme o establecido nos protocolos de actuación aprobados pola Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes para a prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais contempladas no Pladiga 2012, onde se establece tanto a cadea de mando coma o procedemento operativo. Deste xeito, a empresa adhírese ao procedemento operativo do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais como plan director.

O GOBERNO GALEGO REBAIXA UN 7% OS SALARIOS DO GOBERNO, ALTOS CARGOS E PERSOAL DE GABINETE

- *O presidente da Xunta acumula unha diminución do 22% no que vai de lexislatura e os conselleiros un 17%*
- *O Executivo galego tamén aplicará esta medida aos directivos das empresas públicas do sector autonómico, que se engadirá á recente baixada dun 9% de media*
- *O Goberno aforrará esta lexislatura 30 millóns de euros coa redución de altos cargos e persoal de gabinete*
- *Informará esta tarde os sindicatos sobre a aplicación do Real decreto-lei 20/2012, que aprobará mañá nun Consello da Xunta extraordinario*

O Goberno galego rebaxará as retribucións anuais do goberno, dos altos cargos e do persoal de gabinete un 7% este exercicio, o equivalente a unha paga extra, unha vez que o Executivo central ditaminou unha diminución semellante para os empregados públicos co fin de cumprir os obxectivos de déficit público.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello da Xunta pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, no cal tamén se indica que baixará nas mesmas porcentaxes que dos altos cargos as retribucións anuais dos directivos e persoal das entidades da Administración instrumental.

Con esta nova diminución de retribucións, o presidente do Executivo galego acumula unha do 22% no que vai de lexislatura, mentres que os conselleiros ven rebaxados os seus salarios un 17% en relación co anterior goberno. Ademais, a Xunta aforrará esta lexislatura case 30 millóns de euros coa redución do número dos altos cargos e de persoal de gabinete.

Igualmente, a rebaixa para os directivos das entidades da Administración instrumental súmase á recente diminución media nun 9% das súas retribucións como consecuencia da aplicación da Lei de medidas temporais en materia de emprego público, polo que ningún pode ter un salario fixo máis alto que o do presidente da Xunta, unha norma que tamén suspendeu o complemento dos ex altos cargos.

Tras ser analizada polo Goberno a aplicación do Real decreto lei 20/2012, o Executivo galego informará esta tarde as centrais sindicais e aprobará mañá, nunha reunión extraordinaria do Consello da Xunta, o proxecto de lei que terá que modificar a Lei de orzamentos deste ano por estaren recollidas nela as retribucións dos membros do Goberno e do persoal funcionario e laboral.

CULTURA E EDUCACIÓN PON A FORMACIÓN PROFESIONAL POR DIANTE COA IMPLANTACIÓN ADIANTADA DE 27 NOVOS CICLOS RELACIONADOS CON SECTORES ESTRATÉXICOS DA ECONOMÍA GALEGA

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a oferta formativa da FP no curso 2012/2013***
- ***A Consellería dá este curso prioridade á implantación de ciclos de nova creación claves para o desenvolvemento de Galicia***
- ***Continúa así a aposta pola FP como un sistema de oportunidades de emprego***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria continúa coa súa aposta pola formación profesional como un sistema de oportunidades para o desenvolvemento dos sectores socioprodutivos galegos e unha porta de acceso para a recualificación dos cidadáns e para o seu acceso ao mercado laboral. Neste sentido, o Consello da Xunta analizou hoxe un informe no cal se presenta a oferta de ciclos formativos para o vindeiro curso, na que destaca a implantación anticipada de 27 títulos de formación profesional que responden ás cualificacións que demandan os sectores produtivos galegos. Unha aposta polo desenvolvemento estratéxico de Galicia, así como por dar continuidade a substitución de antigos títulos LOXSE polos novos currículos adaptados á Lei das cualificacións profesionais e á Lei orgánica de educación.

A oferta de ciclos formativos deseñada pola Consellería de Cultura e Educación para 2012/2013 aposta, un curso máis, polo impulso da FP a distancia – modalidade implantada en Galicia polo actual Goberno da Xunta-. Así, Galicia conta xa con 17 centros que ofertan 1.450 prazas en 20 ciclos formativos distintos nestas ensinanzas non presenciais.

Trátase dunha das liñas de actuación da estratexia de posta en valor da FP que vén desenvolvendo o Goberno galego ao longo da lexislatura e que, neste caso, entronca directamente co reforzo da oferta formativa para a cualificación dos traballadores, a través da FP a distancia en réxime modular, ou do recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, que ofertou na súa última convocatoria 9.555 prazas.

Ciclos de nova creación

De entre os ciclos formativos de nova implantación, 23 son currículos que substitúen a currículos LOXSE, mentres que 4 son totalmente de nova creación, en concreto os ciclos superiores en Enerxías Renovables; Estilismo e Dirección de Peiteado; Educación e Control Ambiental; e Animacións 3D, Xogos e Contornos Interactivos.

A posta en marcha destes 27 ciclos suporá ofertar unha mellor cualificación aos estudantes da FP galega, con 2.000 horas de formación que responden ás demandas

dos sectores produtivos da nosa economía. En total a oferta en centros públicos ascende a 885 ciclos, dos cales 68 son novos nos centros en que se ofertan.

Suporá o incremento do cadro de profesorado de FP nuns 200 docentes.

Máis prazas

O interese das galegas e dos galegos na FP púxose de manifesto a través dun incremento do 23,1% na matriculación entre 2008 e 2012. Para atender ás solicitudes da cidadanía, a Consellería oferta para o vindeiro curso 2012/2013 23.623 prazas de ensinanzas de FP en centros públicos, un 12,36% máis que no curso anterior.

A isto contribúe o impulso que supuxo para a FP o reforzo da rede de centros integrados, CIFP. De feito, os 17 centros da rede ofrecen 8.166 prazas, o 34% das dispoñibles nestas ensinanzas en centros públicos da nosa comunidade. Ademais, os CIFP ofertan para o vindeiro curso 1.716 prazas máis que no 2011/2012.

Con estas actuacións a consellería continúa a despreparar a súa estratexia de desenvolvemento da FP, que ten completado, ademais, dando a estas ensinanzas un marco normativo propio adecuado a Galicia, a través da elaboración, aprobación e publicación do Decreto 114/2010, de ordenación da formación profesional en Galicia, e da normativa que o desenvolve.